

**xuño, 9**

*Gonzalo García, morador en Terra de Deza, retira a denuncia contra Xoán de Laidas polo roubo de dúas bestas, posto que xa foi resarcido delas. (fol. 89)*

Joan de Laidas.

Et despois desto, a IX dias do dito mes, Gonçalvo García, morador en Soutello, que he en terra de Deça, diso que por rason que Joan de Laidas que estava presente fora con outros seus conpaneiros en lle furtar duas bestas e por quanto el era contento da parte do dito Joan de Laidas das ditas duas bestas e que se dava e outorgava do dito Joan de Laidas por entrego e ben pagado et dava por nenhunas quaes quer querellas que del ouvese dadas e que non valuesen, por quanto o contentara de todo et prometía e fasía juramento de nonca del querellar, sobre lo qual feso juramento en forma, sopenna de seer ynfame e fe et perjuro etç. Carta de perdon forte e firme etç. Tests. García Vasques e Gomes Fernandes barbeiro vesíños d'Ourense et Rodrigo Afonso clerigo. (*fol. 89*)